

RESPOSTAS AO CUESTIONARIO DE CIG-PDI SOBRE A LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE

Luns, 27 de abril de 2026

Elaboramos a resposta a este cuestionario Belén Rubio, candidata á Reitoría, e Emma Torres Romay, candidata á Vicerreitoría de Comunicación e Normalización Lingüística atendendo as propostas de accións recollidas no programa de goberno de H2040:

<https://h2040.webs9.uvigo.gal/programa/>

Previamente indicamos que moitas das cuestións formuladas serían solucionadas dunha forma máis sinxela se se realizara unha “*aplicación real e efectiva do Regulamento do uso da lingua galega na Universidade de Vigo*” (páxina 145 do programa de goberno) considerando a necesidade de realizar unha revisión e actualización desta norma para adaptala ao contexto actual (comunicacións dixitais, normas de xestión docente etc.)

*1. Comprométese a garantir que **todo o alumnado** da UVigo reciba ao longo da súa formación académica unha porcentaxe mínima en galego fixando como obxectivo un **25%** nos títulos de **grao** e un **15%** nos de **posgrao** ao longo da lexislatura, ¿para acadar tal obxectivo comprométese a recoñecer a **impartición de materias en galego** como mínimo ó mesmo nivel cá docencia en inglés (**25%** a maiores do valor da outra docencia)?*

Segundo se recolle na páxina 148 do noso programa de goberno “*establecerase un plan de traballo que, de xeito secuencial, permita conseguir o obxectivo mínimo do 25% da docencia nos títulos de Grao en galego*”. Debemos ser conscientes da complexidade da medida que require da implicación de docentes e centros, pero as dificultades previstas non deben frear o traballo para conseguir ese obxectivo nos próximos seis anos. A cuestión é buscar un modelo que con propostas positivas, non impositivas, poida acadar esa implicación. O punto de partida é realizar unha análise da situación actual, potenciando os centros que xa teñan acadado boas cifras ao respecto e identificando os freos que se producen naqueles nos que non se aplica. A pesares de que o programa de goberno enfoca a súa preocupación nos Graos (como oferta principal da universidade) debe entenderse que esta cuestión debe conseguirse en toda a formación impartida na UVigo.

Ademais do anterior, segundo figura na páxina 146 do noso programa de goberno “*Realizaremos unha análise do programa de incentivos e recoñecementos ao profesorado polo uso do galego na docencia universitaria, valorando a súa evolución e buscando melloras que permitan unha incorporación de falantes*”. Deste xeito amosamos a nosa preocupación polo bo desenvolvemento deste programa que debe ser redeseñado e formulado dun xeito que consiga maior efectividade. O paso previo, unha vez máis, é unha análise realista deste programa, identificando os freos de uso do galego nas aulas.

2. Comprométese a garantir que a actual **ANL** se convirta en **Servizo de Normalización Lingüística**?

Recoñecemos o grande traballo realizado pola **Área de Normalización Lingüística** a pesares da súa limitación de recursos e, de feito, consideramos a ANL como unha estrutura de xestión fundamental, encargada de promover e dar soporte técnico ao emprego do galego en todos os ámbitos da universidade: docencia, investigación e administración. Dende o noso punto de vista, e tal e como recolle no programa (páxina 145) é importante potenciar “o papel da Área de Normalización Lingüística (ANL) fortalecendo a súa coordinación coas comisións de política lingüística e os enlaces de galego dos centros, revitalizando órganos institucionais nesta materia”.

Pola súa banda, un posible **Servizo de Normalización Lingüística** que dependa desta área podería ser formulado coma unha unidade técnica e operativa con responsabilidade de implementar, de xeito directo as medidas lingüísticas que poidamos definir. Así, debería estar enfocada na dinamización, asesoramento, corrección, tradución e xestión de recursos de formación. Sendo unha opción que consideramos idónea, require dunha reestruturación e dotación de recursos adecuada que debe ser tida en conta nas negociacións futuras de RPT ou dotación de persoal. De xeito transitorio ata acadar ese obxectivo, o noso programa formula propostas relativas ao impulso de “medidas de apoio á tradución de materiais docentes e de servizos de asesoramento para iniciativas formativas en galego” e tamén o establecemento de “un plan de traballo para xerar glosarios terminolóxicos específicos por áreas, contado coa colaboración dos centros”.

3. Comprométese a que o **galego** teña que ser a **lingua prioritaria** (por defecto) en todos os usos administrativos e representativos?

4. Comprométese a garantir que todos os **programas e aplicacións informáticos** estean en **galego**?

É un compromiso, unha obriga (polos nosos regulamentos) e un deber como universidade pública galega. Non pode ser doutro xeito. E manterase unha atención permanente para este cumprimento, aplicando medidas inmediatas de corrección cando non se produza.

5. Comprométese a apoiar o labor do profesorado que dea as clases en galego cun Plan de acompañamento de formación, asesoramento lingüístico e apoio na elaboración/adaptación de materiais docentes?

Como se recolle no noso programa de goberno (páxina 146) “*Mantermos un programa de formación en lingua galega para a docencia que permita o desenvolvemento de habilidades lingüísticas e a implementación de novas propostas*”. Esta medida cumprímntase coas xa mencionadas de apoio ás traducións e asesoramento lingüístico así como a priorización de publicacións en galego no Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo e, por suposto, co impulso á elaboración de manuais e materias en lingua galega.

6. Comprométese a que no recrutamento de **novo profesorado** e nas prazas de **estabilización e promoción** se puntúe ou esixa o **coñecemento do galego** de acordo coa lexislación vixente?

Efectivamente, e tal e como expresamos no vídeo¹ no que formulabamos algunhas ideas iniciais para a elaboración do programa de goberno, a LOSU abre unha pequena fiestra de oportunidade xa que non só permite, senón que manda promover as linguas cooficiais dentro das universidades (artigos 19 e 20), isto implica unha base xurídica sólida (por se houbera dúbidas) para defender unha universidade con liderado do galego.

O noso programa de goberno contempla (páxina 146): *“Valoraremos a competencia en lingua galega e a formación en contextos plurilingües nos procesos de selección e acreditación do profesorado, especialmente en titulacións vinculadas coa educación”*.

Deste xeito, nos vindeiros anos deberíamos avanzar non só cara a puntuación do galego como mérito nas prazas de acceso, estabilización e promoción senón chegar ao punto de obrigatoriedade do requisito. Obviamente, dita medida debe realizarse con seguridade xurídica, diálogo sindical e dun xeito progresivo. De feito, a definición do galego como un requisito obrigatorio xeral requiriría dun desenvolvemento regulamentario específico e unha xustificación funcional moi coidada.

En resumo:

A longo prazo debería contarse cun regulamento para a existencia do galego en todas as prazas da universidade.

A medio prazo, o requisito do B1/C1 debería manterse ou aumentarse para determinadas categorías, mantendo medidas como a acreditación do nivel no prazo de 2 anos trala incorporación.

A curto prazo, e tendo en conta os actuais Estatutos da Universidade de Vigo, en todas as convocatorias de PDI procederase a: baremar o galego como mérito relevante, puntuar por niveis (Celga 4, C1, C2 ou equivalentes), valorar a experiencia docente en galego e valorar materiais docentes publicados en galego.

¹ https://youtu.be/0wmDNfAiTTQ?si=UJnxPjDdGZA1_rwh

7. Comprométese a que os **membros do equipo reitoral** fagan en Galicia **sempre en galego** as declaracións e entrevistas para medios audiovisuais e a que lles soliciten aos medios escritos a non tradución das declaracións e entrevistas?

É un compromiso, unha obriga (polos nosos regulamentos) e un deber como universidade pública galega. Non pode ser doutro xeito. E estenderase esta obriga a calquera cargo de representación da Universidade de Vigo ao tempo que se confirma que a única lingua empregada polos servizos de comunicación da UVigo será o galego.

8. Comprométese a **potenciar as publicacións en galego** do Servizo de Publicacións da UVigo?

Así se recolle na páxina 146 do noso programa de goberno: “Daremos prioridade ás publicacións en galego no Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo”.

9. Comprométese a deseñar, implantar e dotar economicamente un **curso 0 ou similar de “Lingua galega”** de como mínimo 30 horas para o alumnado foráneo?

Tamén se recolle no programa de goberno (páxina 146) “Retomando iniciativas anteriores e, de xeito paulatino, establecerase un curso 0 de galego para estudantes foráneos e propios que garanta o acceso á universidade con competencias en galego”.

10. Comprométese coa **Lingua galega para salvara da extinción?** Que **outras medidas** pode prometer con respecto a ela para fomentar o seu uso en todos os ámbitos da Universidade de Vigo?

Expresamos o noso compromiso de xeito directo e, de feito, coa creación dunha Vicerreitoría con competencias específicas, formuladas de xeito claro na súa denominación, e co mandato de facer deste asunto unha prioridade absoluta. Compartimos a preocupación pola grave situación da nosa lingua e traballaremos con compromiso para buscar solucións posibles.

No noso programa contemplamos algunha medida adicional:

- Manter os incentivos á elaboración do TFG, TFM e teses de doutoramento en galego, con medidas de seguimento e control.
- Incorporar medidas de normalización lingüística no Practicum de titulacións orientadas á docencia.
- Esixencia de probas e avaliación en galego.
- Proposta de materias de galego profesional.
- Facilitación das medidas para a obtención do Celga 3 e Celga 4.
- Colaboración da universidade con outros niveis educativos.
- Colaboración co administracións.
- Impulso de accións conxuntas no SUG.



E unha proposta fundamental por manter un **Observatorio Permanente da Situación do Galego na Universidade de Vigo** que nos manteña alerta sobre a situación real do galego, permitindo unha análise constante e unha actuación real e inmediata sobre os elementos que poidan estar prexudicando o uso do galego.

Finalmente, debemos destacar que todas estas medidas requiriran dun diálogo aberto, crítico e constante que consiga implicar a todas as persoas posibles na defensa da lingua. Debemos conseguir “facer equipo” fronte a grave situación da lingua.

Belén Rubio Armesto
Candidata H2040

Quedamos á disposición para calquera información adicional que sexa precisa:

H2040@uvigo.es

Páxina web: www.belenrubioh2040.com

Canle de Youtube: <https://www.youtube.com/@H2040uvigo>

